



Mira, unha ves era un que tiña, que non tiña..., tiña fame, non sabes? E tiña, non tiña oficio.

E dixo el:

- Como hei de facer pa comer?

Dixo:

- Pois voume meter xastre.

E meteuse empezando cunhas alforxas ó lombo, xastre vai, xastre vén, e foi un que tiña que facer un traxe e doulle o traxe pa facer. Veu a mediodía, doulle de comer e el taba seghido:

- P'aquí tenas e p'alí tamén e p'aquí tenas e p'alí tamén.

E empezou e comeu, comeu o xantar, el (cisaba ?) carne ighual, “p'aquí tenas e p'alí tamén”. Veu o dono que se cansou, que o chamaran, que se cansou de oír “p'aquí tenas e p'alí tamén”.

E dixolle:

- Pero que ten este?
- Da unhas alforxas pós burros.

Dixo:

- Pero eu non che pedín a ti unhas alforxas que che pedín un, un traxe que é pa facere.
- Ai pero eu o traxe non sei facere

Así que, quedouse neso.